

Un ano máis, e xa van vinte e oito, a Fundación *O Noso Lar* organiza as vacacións para os MAIORES. Uns días para convivir en harmonía, compartindo e gozando xuntos da vida e das súas riquezas.

Valencia será o noso destino este ano. Achegarémonos ata esta terra levantina para gozar do seu clima, das súas maravillas paisaxísticas, artísticas e da súa cultura.

Sabemos, por experiencia, que a boa convivencia e fraternidade fai medrar as nosas gañas de vivir e de sentirnos ledos. Con razón dicimos que se trata dunhas **vacacións-convivencia**.


O noso lugar de residencia será **Gandía**. Desde aquí visitaremos algúns dos lugares máis significativos da provincia de Valencia.

Os destinatarios son os maiores, e para eles vai enfocada a organización da viaxe, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen. E como a distancia entre Samos e Gandía non é excesivamente longa, por esta razón faremos toda a viaxe no mesmo día.



Itinerario

Saída ás **8 da mañá** de Samos o día **18 de abril**. Faremos as paradas necesarias para descansar e repoñer forzas. Está previsto chegar a Gandía para cear e tomar posesión do noso hotel.



O día 19 descansaremos e disfrutaremos da fermosa praia de Gandía.


Nos días seguintes visitaremos os seguintes lugares de interese turístico e cultural da provincia de Valencia:

La Albufera: Declarado parque natural no ano 1986, situado a dez kilómetros ao sur de Valencia. Ten unha extensión de 24 kilómetros cuadrados. As actividades tradicionais desta zona son a caza, a pesca e a agricultura (fundamentalmente o cultivo do arroz).



Cullera: unha das cidades turísticas máis importantes da costa valenciana. O turismo, a agricultura (cultivos de arroz e laranxos) e a pesca son a base da súa economía. Sobresaen no alto da montaña o Castelo de Cullera e o Santuario da Virxe do Castelo

Castelo de Cullera



Gandía: É un dos principais destinos turísticos dos españois. O seu casco histórico coa Colexiata de Santa María e o Palacio de Ducal (casa natalicia de San Francisco de Borja) fan dela unha cidade atractiva e chea de historia.



Colexiata de Santa María

Valencia: unha cidade moderna, cosmopolita e dinámica. Un dos seus atractivos con personalidade propia é o seu casco monumental: as tres prazas: a da Almoina, a da Virxe e a da Reina; a Catedral e a Torre do Miguelete, as Torres e os Palacios, A Lonja e o Mercado Central... A Cidade das Artes e das Ciencias é outro dos atractivos de Valencia. O seu Oceanográfico é o maior acuario de Europa, e nel represéntanse os principais ecosistemas mariños do planeta.

Centro histórico de Valencia



*Vacacións
convivencia
para os Maiores
en
Gandía-Valencia
18-25 de abril
2017*

Animate
Apúntate antes do día 1 de
marzo

